



Teresa García Barral, secretaria delegada do Concello de Bergondo (A Coruña)

CERTIFICO: Que, con data venres 21 de decembro de 2018, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe literalmente:

“7. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE MELLORA DE SEGURIDADE VIARIA NO CONCELLO DE BERGONDO COA EXECUCIÓN DE REDUCTORES DE VELOCIDADE TIPO “LOMBOS DE ASNO” E SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL E REFORZO DE SINALIZACIÓN VERTICAL EN VARIOS CAMIÑOS. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Expediente. 2018/C003/000012

A continuación dáselles conta aos/as asistentes do expediente referente a este asunto, no que consta, entre outros, a proposta de Alcaldía que transcrita literalmente di:

“Visto o expediente tramitado para a contratación da obra de Mellora da seguridade viaria no Concello de Bergondo coa execución de reductores de velocidade tipo “lomos de asno”, incluída a senalización horizontal e vertical e reforzo de senalización vertical en varios camiños, segundo o proxecto redactado polo arquitecto técnico municipal, Juan Carlos Gómez Pérez, en novembro de 2018, cun presuposto de execución por contrata de 65.360,09 euros, aprobada por Resolución da alcaldía núm. 1286/2018, do 13 de decembro.

Detectado un erro na contía do proxecto, no cálculo do ive, que modifica o importe total, que resulta de 65.359,25 euros, IVE incluído.

Vista a necesidade de acometer a citada obra, xa que o pavimentado de camiños, atópase entre os servizos obrigatorios que debe prestar o concello ao abeiro do artigos 26.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, o que se xustifica a necesidade deste contrato, consonte co establecido no artigo 116.4.e) da LCSP e segundo se indica no informe ao proxecto, apartado 11, sobre a xustificación da necesidade e idoneidade, asinado polo arquitecto técnico municipal o 03.12.2018, a obriga da administración de manter as infraestruturas nas condicións de seguridade esixible, e neste suposto o seu mantemento para mellora da seguridade do viario existente.

Constando no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán esta contratación informado favorablemente por secretaría. Visto o informe do arquitecto técnico municipal do 03.12.2018. Vistos os informes de secretaría e de intervención de 18.12.2018.

*Constando todos os documentos preceptivos, e considerando que a competencia para contratar é da Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía-Presidencia, efectuada por Resolución nº 693/2015, do 2 de xullo, toda vez que a competencia orixinaria corresponde a esta alcaldía, conforme ao preceptuado na Disposición adicional da LCSP, unha vez examinado o expediente, **propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:***

PRIMEIRO. *Aprobar a Memoria técnica corrixida da obra de Mellora de seguridade viaria no Concello de Bergondo coa execución de reductores de velocidade tipo “lomos de asno”, incluída a sinalización horizontal e*



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

vertical e reforzo de sinalización en varios camiños, redactada polo arquitecto técnico municipal, en decembro de 2018, cun presuposto de execución por contrata de 65.359,25 euros, IVE incluído.

SEGUNDO. Declarar o expediente de contratación ordinario e consonte co artigo 117 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación da obra de Mellora de seguridade viaria no Concello de Bergondo coa execución de reductores de velocidade tipo “lombos de asno”, incluída a sinalización horizontal e vertical e reforzo de sinalización en varios camiños. Exp. 2018/C003/000012.

TERCEIRO. Declarar o procedemento aberto simplificado, tramitación supersimplificada, ao abeiro da regulación prevista no artigo 159.6 da LCSP, dado que a obra ten un valor estimado de 54.015,91 euros, cun único criterio de adxudicación, mediante fórmulas, consonte co disposto nos artigos 159.6.c) da LCSP.

CUARTO. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que haberan de rexer para esta contratación mediante procedemento aberto simplifícadísimo ao abeiro do artigo 159.6 da LCSP, cun único criterio de adxudicación, e tramitación ordinaria, aprobar o Cadro de características do contrato, o modelo de oferta e declarar expresamente de aplicación a fórmula matemática de valoración de ofertas económicas da Deputación Provincial de A Coruña (publicada no BOP núm. 124 do 02.07.2018, páxinas 122-125).

QUINTO. Autorizar o gasto por importe de 65.359,25 euros, IVE incluído, con cargo a aplicación presupostaria 454/619.00 do Orzamento municipal para 2018.

SEXTO. Dispoñer a apertura da fase de licitación, segundo o procedemento establecido nos propios pregos, procedendo á publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante.

*Bergondo, na data que figura na marxe
A alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez.”*

Os/as asistentes, tralo exame do expediente, e despois da correspondente deliberación, aproban por unanimidade a proposta que devén en acordo nos termos nos que se acaba de transcribir.”

E para que conste, expido a presente certificación, coa salvidade do artigo 206 do R.d. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por orde e co visto e praxe da alcaldesa.

Bergondo, na data indicada na marxe.

A secretaria
P.D. Teresa García Barral

Vº. Praxe. A alcaldesa
Alejandra Pérez Máquez